



REGULAMENTO INTERNO DE ALG-A ASOCIACIÓN

O presente regulamento interno é aprobado en Asamblea Xeral por tod@s @s soci@s. Só poderá ser modificado en Asamblea Xeral por consenso (unanimidade).

DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Alg-a Asociación ten como obxectivo apoiar e promover a arte e a investigación en tecnoloxías e culturas libres. Para elo ten os seguintes fins principais en liña cos especificados máis polo miúdo nos seus Estatutos:

- xestionar e dinamizar o espazo físico Alg-a Lab e o espazo virtual <http://alg-a.org> .
- fomentar a acción e a investigación en relación coa arte electrónica e dixital, a cultura libre e o procomún.
- colaborar en rede con outros colectivos, asociacións e proxectos comprometidos con estes principios.
- organizar eventos artísticos, socioculturais e educativos no Alg-a Lab ou fóra do mesmo.
- contribuir á dinamización sociocultural do entorno de Valadares colaborando cos seus principais axentes institucionais e veciñais.
- promover a lingua galega en todos os eidos de acción, creación e difusión.
- facilitar a integración das persoas desfavorecidas, con discapacidade ou en risco de marxinação social no eido das actividades que promove a asociación.

ASOCIAD@S

Serán soci@s de Alg-a todas as persoas inscritas no listado de soci@s da Asociación que estean ao corrente no pago das cotas establecidas e cumpran cos principios e fins da Asociación.



REGULAMENTO INTERNO DE ALG-A ASOCIACIÓN

ORGANIZACIÓN INTERNA

O principal órgano de decisión é a Asamblea Xeral. A asistencia non é obrigatoria (agás para @s membros da Xunta Directiva) e deberá realizarse, cando menos, unha vez ao ano. Nela deberá informarse do estado de contas, investimentos feitos e orzamento anual e definiranse os obxectivos de cara ao seguinte exercicio.

A xestión do día a día da Asociación é responsabilidade da Xunta Directiva, ou ben das persoas que esta nomee expresamente para ilo. Por outra parte, a Asociación promoverá a participación interna d@s soci@s en todas as súas actividades e máis alá soamente das Assembleas Xerais.

O espazo físico do Alg-a Lab conta cun equipo de xestión e dinamización propio e independente, aínda que ratificado pola Xunta Directiva. As labores do equipo e o seu funcionamento veñen explicitados no “Manual de Uso” do Alg-a Lab, a disposición d@s usuari@s no local mesmo e máis na web. O equipo de xestión do Alg-a Lab actuará sempre de conformidade cos principios da Asociación e co beneplácito da Xunta Directiva.

Asimesmo, a Asociación contempla a creación doutros grupos de xestión e de traballo independentes, vencellados a ámbitos como o portal web, a radio libre, os montes veciñais, ou calquera outro de carácter técnico ou cultural no que a Asociación poida involucrarse.

ALG-A LAB

O Alg-a Lab é un espazo de arte e investigación ubicado na parroquia de Valadares (Vigo). A Asociación dispón dun contrato de cesión por un periodo de 10 anos, a contar dende abril do 2008, para libre uso das instalacións, bens e recursos incluídos na finca. Deste xeito, o Alg-a Lab convertéuse no local e sede social da Asociación. A Asociación, e por ende a Xunta Directiva, é a garante última e responsable das actividades que se celebren no espazo e do uso que se faga dos seus bens e recursos.



REGULAMENTO INTERNO DE ALG-A ASOCIACIÓN

A administración e dinamización do día a día do Alg-a Lab delégase nun equipo de xestión que está integrado por diferentes soci@s residentes. Tod@s @s demais soci@s poderán usar o local e os seus recursos, respetando sempre a labor do equipo de xestión e as condicións que este acorde, incluídas no “Manual de uso”.

CONTABILIDADE E COTAS

A contabilidade farase publica anualmente na Asamblea Xeral.

As cotas de soci@ aboaranse, preferentemente, entre os meses de Agosto e Outubro, con motivo da correspondente Asamblea Ordinaria, e terán validez de un ano, a renovarse sempre nestas mesmas datas.

A cota de soci@ é de 2€ e poderá adquirirse, co seu carnet de soci@ correspondente, no local social da Asociación.

ACTIVIDADES

Tod@s @s soci@s serán informad@s, mediante correo electrónico, dos diferentes actos e actividades da Asociación.